

## **A PARTICIPACIÓN EN SITUACIONES EXTERNAS Á AULA**

### **PATIO**

O recreo ten unha duración de 30 minutos (11:50- 12:20).

Dependendo do horario lectivo e das condicións climatolóxicas, neste espazo hai días nos que o alumno sae coa cadeira de rodas, tanto coa manual coma coa motorizada, así como outros días que emprega o andador.

Este último proporciónalle total autonomía e independencia para moverse libremente polo recinto, e interactuar máis cos seus compañeiros e compañeiras.

### **MAGOSTO**

O día 12 de novembro celebrouse o magosto no centro escolar. Fixéronse diferentes xogos no recinto do patio para cada curso. En terceiro e cuarto realizamos unha serie de xogos enfocados de xeito inclusivo no que todo o alumnado puido participar do mesmo xeito sen importar as súas características persoais. No caso de Adrián el realizou todos os xogos co seu andador.

Os grupos foron heteroxéneos, e participaron en tres estacións diferentes.

Na primeira estación xogaron ao pano castaña, xogo tradicional do pano que incorporaba unha castaña colgada dada a temática do magosto.

Na segunda estación tiveron que suxeitar unha culler cunha castaña coa boca, (a culler de Adrián era máis grande) e percorrer un circuito ata chegar ao final, onde tiñan que botar a castaña dentro dunha caixa.

Na terceira estación os nenos e nenas facían fileiras, uns tiñan unha culler e outros un prato colocados de xeito alterno. O xogo consiste en pasar a castaña dun neno a outro ata chegar á meta, sen que a castaña caese no chan. (Adrián levaba un prato encaixado ao seu andador).

### **EXCURSIÓN AO TEATRO, VIGO.**

Asistimos a Afundación de Abanca para ver a obra de teatro “Nana para un soldado”.

Para facer esta viaxe solicitamos un autobús adaptado de xeito que o alumno puido subir coa súa propia cadeira de rodas.



## CARREIRA EN CASTRELOS, VIGO

O alumnado do centro CEIP Xosé Fernández López acudiu o pasado mes de xaneiro a carreira-cross campo a través no parque de Castrelos, en Vigo.

Fixeron diferentes circuitos correndo, en función da idade dos nenos e nenas. O alumno con parálise cerebral participou de xeito activo, acompañado polos demais nenos e nenas da súa clase así como do seu mestre de educación física.





## FESTIVAL DO ENTROIDO

Coa axuda dos compañeiros e compañeiras de clase, e tamén os mestres, todos nos disfrazamos de animais mariños no entroido, para facer un baile. Os nenos ensaiaron moito para ir ao Pavillón de Porriño actuar. O andador do noso alumno con discapacidade foi decorado por el e polos seus compañeiros, así como noutros anos.



## PARAUGAS CON PINGAS DE CORES

O pasado 3 de decembro, Día Internacional das Persoas con Discapacidade, os nenos de cuarto de primaria do noso centro fixeron unha saída ao centro de Porriño, por onde pasearon compartindo unha xornada cargada de experiencias positivas. Todos os nenos e nenas levaron paraugas de cores, reivindicando unha sociedade plural, diversa e que non ve diferencias. Os nenos remataron facendo un baile todos xuntos.

